



ORDE CIRCULAR 1/2018, sobre as comunicacións previas obrigatorias de inicio efectivo das obras, as de traballos que afecten á circulación e as especiais para traballos excepcionais na calzada en fin de semana, nas estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta Orde Circular redáctase aos efectos de recompilar as comunicacións relacionadas coas competencias en materia de tráfico durante a execución das obras e actuacións que realiza ou promove a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) no ámbito das súas competencias propias.

Tendo en conta o anterior, a Dirección da Axencia Galega de Infraestruturas dispón o seguinte:

Primeiro.- O ámbito de aplicación abrangue ás comunicacións previas de obras ou actuacións en estradas que se realicen de xeito programado mediante os contratos de obras, de servizos ou de concesión de obra pública, ás relacionadas cos traballos de conservación ordinaria así como as comunicacións das obras de emerxencia que se deban de realizar de xeito urxente para atender calquera incidencia relacionada coa restitución da vialidade ou a seguridade viaria, incluíndo as de vialidade invernal.

Segundo.- As comunicacións ás que se refire esta Orde teñen carácter interno e de coordinación no marco do funcionamento da Axencia coas empresas contratadas para a realización de obras, concesións ou servizos e en ningún caso eximen do cumprimento das comunicacións preceptivas que se deben realizar coa DGT como Administración competente na xestión da circulación. Estas últimas realizaranse segundo os procedementos que a DGT estableza con carácter independente do disposto nesta Orde.

Terceiro.- Considéranse catro tipos de comunicacións previas:

- I. Comunicación do inicio efectivo dunha obra.
- II. Comunicación de traballos na calzada con corte e/ou desvío de carril.
- III. Comunicación de corte temporal total de circulación por voaduras controladas.
- IV. Comunicación dos traballos excepcionais en obras e actuacións en estradas durante a fin de semana.

I. COMUNICACIÓN DO INICIO EFECTIVO DUNHA OBRA

A **dirección da obra** avisará como mínimo con **24 horas** de antelación do **inicio efectivo dunha obra** á Área de Construción, Explotación e Seguridade Viaria (CESV).



A notificación realizarase remitindo un único correo electrónico, **con confirmación de entrega e de lectura**, co que se xuntará o arquivo do **Anexo 1** desta Orde, *COMUNICACIÓN DE INICIO DE OBRA*, cumprimentado cos datos da obra.

A dirección á que se deberá remitir o correo electrónico é a seguinte: **areacesv-axi.civ@xunta.gal**

II. COMUNICACIÓN DOS TRABALLOS NA CALZADA CON CORTE E/OU DESVÍO DE CARRIL

Dentro deste apartado, distingúirase entre as obras en xeral (1), as actuacións de conservación que se realicen no ámbito dos contratos de conservación ordinaria e vialidade invernal (2) ou nas vías que están en réxime de concesión e na AG-53/AG-54 (3).

1. Comunicación dos cortes e/ou desvíos de carril nos contratos de obras de estradas

As **empresas** que, no ámbito dun contrato coa AXI executen obras na calzada onde se afecte ao tráfico, están obrigadas a comunicar de xeito previo, os cortes e/ou desvíos programados de carril á Área de CESV.

Aos efectos desta Orde, nas estradas dunha calzada e dobre sentido de circulación, considérase que unha obra na calzada ten afección ao tráfico e precisa a comunicación de corte de carril só no caso de que se ocupe totalmente alomenos un dos carrís de circulación e por este motivo sexa necesaria a regulación do tráfico de xeito alterno polo carril contrario. Neste caso, a comunicación previa farase cunha antelación mínima de **24 horas**. No caso de que a ocupación da calzada sexa total e debido ao corte sexa preciso empregar un desvío alternativo para ambos sentidos por outras vías, a comunicación previa farase cunha antelación mínima de **72 horas**.

Nas vías de dobre calzada considérase, aos efectos desta Orde, que hai afección ao tráfico cando o corte dunha das calzadas obrigue á circulación en dobre sentido pola calzada contraria. Neste caso, a antelación da comunicación será como mínimo de **24 horas**. No caso de que o desvío se realice por outras vías alternativas, a antelación da comunicación será como mínimo de **72 horas**.

Para facer esta comunicación, a dirección da obra facilitará á empresa contratista das obras o arquivo que se achega no **Anexo 2** desta Orde, *COMUNICACIÓN DE CORTE DE CARRIL*. A notificación realizarase remitindo un único correo electrónico a: **areacesv-axi.civ@xunta.gal**, **con confirmación de entrega e de lectura e con copia ao director de obra**.

Se o corte de tráfico é total, deberase xuntar nesta notificación un plano co desvío alternativo e a sinalización proposta.





No apartado de observacións anotarase calquera circunstancia de interese. Por exemplo, se a regulación da circulación se vai facer de xeito manual ou mediante semáforos portátiles, ou as causas que motivan o corte (p.ex: traballos de reparación do firme, obras de drenaxe, estruturas, etc).

2. **Comunicación das actuacións que se realicen no ámbito dos contratos de conservación ordinaria e vialidade invernal**

A conservación diaria da rede autonómica xestiónase a través duns contratos de conservación ordinaria en cada unha das provincias, onde os traballos son realizados polas empresas contratadas a tales efectos.

Para comunicar as obras ou actuacións programadas nos contratos de conservación ordinaria seguiranse as seguintes pautas:

a) **Labores de mantemento e conservación sen interrupción da circulación, atención a emerxencias e restitución da vialidade**

A estes efectos, entenderase como labores de mantemento e conservación sen interrupción da circulación aquelas nas que aínda que se poida chegar a ocupar total ou parcialmente algún dos carrís, a afección ao tráfico sexa mínima, isto é, que en todo momento se manteñan sinalizados e abertos ao tráfico os dous sentidos de circulación e non se teña que facer un corte dun carril con circulación alternativa como o indicado no anterior apartado II.1.

Non será necesaria a comunicación destes traballos á Área de CESV.

b) **Campañas de desbroce, segado e renovación de marcas viais**

A **empresa adjudicataria do contrato de conservación** será a encargada de comunicar cada campaña de desbroce, segado e pintura á **areacesv-axi.civ@xunta.gal**. Esta comunicación deberá ser **previa ao inicio de cada campaña**.

A dirección do contrato de conservación facilitará á empresa contratista o arquivo que se achega no **Anexo 1** desta Orde, *COMUNICACIÓN DE INICIO DE OBRA*.

A notificación realizarase remitindo un único correo electrónico co dito arquivo cumprimentado, **con confirmación de entrega e de lectura** e con **copia ao director do contrato** á dirección de correo electrónico da Área de CESV: **areacesv-axi.civ@xunta.gal**

No apartado de título e clave da obra, indicarse o título e a clave do correspondente contrato de conservación e no apartado de descrición dos traballos indicarse a campaña á que se faga





referencia. Nos casos nos que a campaña sexa en todas as estradas da zona de conservación, o apartado do **Anexo 1** onde se especifican as estradas nas que se vai actuar cubrirase con “*Na totalidade das estradas da zona de conservación*”, non facendo falta enumerar todas as estradas. Esta comunicación repetirase do mesmo xeito no caso de que se produzan reaxustes na programación da campaña, variacións de prazos, empresas subcontratistas, etc.

c) **Labores de mantemento e conservación con interrupción da circulación**

Este apartado abrangue a todas aquelas actuacións puntuais programadas de conservación de estradas que non se consideren incluídas nos apartados **II.2.a** e **II.2.b** desta Orde.

Neste caso **a empresa adxudicataria do contrato de conservación** procederá do mesmo xeito que o indicado para o caso de cortes de carril en contratos de obras con carácter xeral e será a encargada de comunicar puntualmente e de xeito previo cada unha destas obras de conservación ou actuacións á Área de CESV, seguíndose para isto as instrucións dadas no apartado **II.1** desta Orde.

3. Comunicación previa da planificación semanal das actuacións de conservación e mantemento en vías dependentes do Servizo de Concesións de Obra Pública (AG-53/AG-54 e vías en réxime de concesión).

Semanalmente realizarase por parte do Servizo de Concesións de Obra Pública unha planificación das labores a realizar na semana seguinte polas sociedades concesionarias nas vías de alta capacidade en réxime de concesión e na AG-53/54.

Esta planificación realizarase por provincias segundo o modelo que se achega no **Anexo 5** e remitirase polo dito Servizo antes do venres da semana anterior ás seguintes direccións:

areacesv-axi.civ@xunta.gal

civ.infraestruturas@xunta.gal

III. COMUNICACIÓN DE CORTE TEMPORAL TOTAL DE CIRCULACIÓN POR VOADURAS CONTROLADAS

No caso de que durante a realización dunha obra, sexa preciso realizar voaduras controladas na contorna da estrada e por este motivo sexa necesario interromper totalmente a circulación por un prazo breve de tempo (minutos), a dirección da obra facilitará á empresa contratista das obras o arquivo que se achega no **Anexo 3** desta Orde, **COMUNICACIÓN DUNHA VOADURA**. A notificación





realizarse remitindo un único correo electrónico a **areacesv-axi.civ@xunta.gal**, con confirmación de entrega e de lectura e con copia ao director de obra.

Esta notificación pode abranguer varios días ou varios disparos no mesmo día segundo se estableza a programación das voaduras durante o desenvolvemento das obras. Se hai algunha modificación, deberase comunicar de igual xeito achegando o formulario actualizado. A antelación mínima, en calquera caso para realizar a comunicación, será de **24 horas previas á realización da primeira voadura**.

Así mesmo, considérase que esta comunicación é independente da especificada no apartado II.1 desta Orde relativa aos cortes ou desvíos de tráfico nos contratos de obras.

No apartado de observacións indicárase calquera circunstancia de interese que afecte ao corte sinalado como pode ser o tipo de regulación establecida, sinalización, persoal e maquinaria prevista para a retirada dos restos da calzada de ser o caso, etc.

IV. COMUNICACIÓN DOS TRABALLOS EXCEPCIONAIS DURANTE A FIN DE SEMANA

A primeiros de cada ano, a DGT publica no BOE unha resolución na que se especifican as medidas especiais de regulación do tráfico, entre outras, as interrupcións das obras en estradas en certos períodos do calendario polas operacións de tráfico e en xeral, todas as fines de semana do ano (**desde o venres a partir da 13.00 h ata o domingo ás 24.00 h**).

No caso de que existira a necesidade de traballar na calzada durante algunha fin de semana, de acordo coa resolución da DGT, os Organismos titulares das vías poderán autorizalo de maneira excepcional e por motivos xustificadas.

Para iso, a **dirección da obra, actuando como representante da AXI na súa función de Organismo titular da vía**, será a que autorice os traballos na fin de semana e deberá enviar un correo electrónico a **areacesv-axi.civ@xunta.gal**, onde se comunique esta **autorización excepcional para traballar en fin de semana**, especificando os datos da actuación que se vai levar a cabo (estrada, treito, etc) e os días e horas da fin de semana correspondente nos que se quere traballar, tal e como dispón a resolución da DGT.

Na autorización deben xustificarse os traballos na fin de semana (ben porque o tráfico da fin de semana no treito non aumenta, ben porque a estrada non é un itinerario turístico, de praia, etc), debéndose garantir que a fluidez do tráfico non vai verse alterada pola actuación que se quere realizar.





Acompáñase como **Anexo 4** a esta Orde un modelo de comunicación con este fin.

En todo caso, esta comunicación de autorización para traballar en fin de semana é independente das comunicacións especificadas nos apartados anteriores desta Orde, que son obrigatorias sempre, sexa a obra en fin de semana ou non.

Cuarto.- Esta Orde Circular entrará en vigor a partir da data da súa sinatura e derroga a *Orde Circular 2/2016 sobre as comunicacións previas obrigatorias de inicio efectivo das obras, as de traballos na calzada con corte de carril e as especiais para traballos excepcionais na calzada en fin de semana, nas estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia* emitida o 15/03/2016.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

Asinado dixitalmente:

Francisco Menéndez Iglesias

Director da Axencia Galega de Infraestruturas



ANEXO 1

COMUNICACIÓN DE INICIO DE OBRA

DATOS DA EMPRESA RESPONSABLE

Empresa:			
Persoa de contacto:			
Teléfono:		e-mail:	

DESCRIPCIÓN DOS TRABALLOS A LEVAR A CABO

Denominación da obra:			
Clave da obra:			
Data de inicio das obras:		Data de remate das obras:	
Descrición dos traballos:			

ESTRADAS

Denominación	PK inicio	PK fin

EMPRESAS QUE EXECUTARÁN A OBRA (a cubrir só no caso de que os traballos se subcontraten a outras empresas)

Empresas





ANEXO 2

COMUNICACIÓN DE CORTE DE CARRIL

DATOS DA EMPRESA RESPONSABLE

Empresa:			
Persoa de contacto:			
Teléfono:		e-mail:	

OBRA OU ACTUACIÓN

Denominación do contrato:	
Clave do contrato:	

CORTE DE CARRIL PROGRAMADO

Estrada:					
PK inicio do corte:		PK final do corte:		Marxe:	
Tipo de corte (parcial/total):					
Data e hora de inicio do corte:					
Data e hora do final do corte:					

Observacións:

Nota: Se o corte de tráfico é total, deberase xuntar a este Anexo 2 un plano co desvío alternativo e a sinalización proposta.



ANEXO 3

COMUNICACIÓN DE CORTE POR VOADURA

DATOS DA EMPRESA RESPONSABLE

Empresa:			
Persoa de contacto:			
Teléfono:		e-mail:	

OBRA OU ACTUACIÓN

Denominación do contrato:	
Clave do contrato:	

CORTE DE CIRCULACIÓN PROGRAMADO

Estrada:						
PK inicio do corte:		PK final do corte:				
	Corte 1	Corte 2	Corte 3	Corte 4	Corte 5	Corte 6
Data:						
Hora:						
Duración do corte (minutos):						

Observacións:





ANEXO 4

COMUNICACIÓN DE TRABALLOS EXCEPCIONAIS DURANTE A FIN DE SEMANA

Nome e apelidos, como director/a do contrato da Axencia Galega de Infraestruturas denominado

Título: "Título da obra"

Clave: XX/XX/XXX.XX

En aplicación do disposto na resolución da DGT pola que se establecen medidas especiais de regulación do tráfico durante o ano, autorizo á empresa:

"Nome da empresa"

A realizar os traballos de **descrición dos traballos** de xeito excepcional durante a fin de semana debido á necesidade de **xustificación dos traballos**.

Afectarase á/s estrada/s: **XX-XXX**, **denominación da estrada**, entre os PK **0+000** e **0+000**

O horario previsto de traballo será:

Venres, de **00:00** h a **00:00** h

Sábado, de **00:00** h a **00:00** h e de **00:00** h a **00:00** h

Domingo, de **00:00** h a **00:00** h e de **00:00** h a **00:00** h

Durante a execución das obras, tomaranse as medidas oportunas para garantir en todo momento a fluidez do tráfico e a seguridade viaria.

Os datos de contacto da persoa responsable na obra da empresa adjudicataria do contrato son:

Persoa de contacto:

Teléfono móbil:

Correo electrónico:



ANEXO 5

PLANIFICACIÓN SEMANAL DE OPERACIONES EN VÍAS SERVICIO VAC

PROVINCIA

Vía	PKi	PKf	CARRIL	CALZADA	DÍAS	HORARIO	OBSERVACIONES